IES RIBEIRA DO LOURO

Proxecto de fomento de uso do galego

Equipo de Dinamización Lingüística do IES Ribeira do Louro (O Porriño)

Coordinadora: Laura Iglesias Rodríguez

Curso escolar

2023-2024

PRESENTACIÓN

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega do Centro considera que a é necesaria a continuidade de boa parte do traballo que se viña desenvolvendo no Centro nos últimos anos e, ademais, incorporar novas propostas xurdidas no seo do Equipo.

Conformamos un equipo interdisciplinar, posto que o fomento da lingua galega non debe depender unicamente dos profesores e profesoras de lingua galega, senón de todas aquelas persoas que sintan a necesidade e o desexo de valorizala na súa vida e no seu traballo.
Conforman o Equipo profesorado, persoal non docente e alumnado implicado no proceso de normalización e na dinamización da lingua galega no centro.
E tamén a Radio Ribeira, o club de Lectura, o Club de Ciencias e BiblioRibeira.

CONTIDOS

I Estudo sociolingüístico do centro

II A contorna sociolingüística do centro

1

1. A situación do profesorado
2. A situación do alumnado
3. A situación lingüística do centro

III Actividades de dinamización lingüística

IV Concreción das actividades propostas para o curso 2023-2024

I Estudo sociolingüístico do centro

Contexto sociocultural

Localización, oferta e área de influencia do centro educativo

O IES Ribeira do Louro está situado en Torneiros, localidade do concello pontevedrés do Porriño. Hoxe este concello de aproximadamente 20.000 habitantes, constitúe un dos focos industriais importantes de Galicia, e á súa vez, atópase na área de influencia da cidade de Vigo.

Foi creado en 1991 como centro de ensinanza secundaria e formación profesional. O seu nome contén dúas referencias: por un lado ao lugar onde se atopa, o barrio de A Ribeira, na parroquia de Torneiros, e por outro lado ao río Louro, un dos símbolos do concello do Porriñoe que tamén orixina o nome da comarca, A Louriña.

Concretamente, o centro atópase nas inmediacións do polígono residencial de Torneiros, un barrio de vivendas sociais que se comezou a construir a partir de 1970. A case dous quilómetros do centro municipal, a zona onde está situado o instituto posúe unha exigua oferta cultural, carece de biblioteca pública e preto do centro hai un centro sociocomunitario de pouca actividade, se ben posúe unha infraestrutura urbana dotada de certos elementos de ocio e socialización (xardíns públicos e pistas deportivas ao aire libre), asi como centros básicos de consumo (como supermercado, quiosco, farmacia ecafeterías).

Nun principio, o IES Ribeira do Louro foi construido inicialmente como instituto de FP e as ensinanzas experimentais de 3º e 4º de ESO segundo a LOXSE. Sucesivamente, fóronse incorporando outras ensinanzas e niveis educativos, adaptándose en cada momento ás distintas leis educativas e hoxe conta cunha oferta actual moi ampla: ESO,Bacharelato, dous ciclos formativos de grao medio (Xestión Administrativa e Instalación de Comunicacións), dous de grao superior (Administración e Finanzas, e Comercio Internacional), e dous módulos de Formación Profesional Básica (Electricidade e electrónica e Servizos comerciais).

O centro escolariza alumnado ESO procedente, na súa maioría das seguintes parroquias do concello do Porriño (Torneiros, Budiño, Chenlo, Mosende, Pontellas e O Porriño), de centros públicos, e basicamente, dos centros adscritos propiamente ao

instituto: CEIP Cruz Budiño e CEIP Antonio Palacios, do barrio de Torneiros. Este alumnado continúa formándose no bacharelato do noso centro, aínda que tamén recibimos alumnado procedente do CPI Ribeira e do colexio privado Santo Tomás. O alumnado de ciclos é de procedencia máis variada, ampliada a todo o concello do Porriño ou mesmo a concellos próximos, sobre todo, Tui, Ponteareas, Mos, Salceda de Caselas, Salvaterra, Mondariz, Vigo e Tomiño.

Características socioculturais xerais do contexto educativo

O contexto social e cultural que define a comunidade do IES Ribeira do Louro está caracterizado pola existencia de grupos sociais de moi diferente condición (en canto á súa procedencia e dimensión étnica, idade, situación económica e social, intereses e motivacións,etc.).

Inflúe nesta configuración o leito de o centro presentar unha oferta educativa realmente ampla que afecta a varios segmentos etarios de poboación: comeza nos niveis de ESO (desde os doce anos de idade), continúa nos niveis de Bacharelato (16-18), Formación Profesional Básica e Ciclos Formativos, e remata no seu punto alto en idades adultas que atopamos nos módulos de ESA.

Tamén intervén como condicionante deste contexto a amplitude da área de influencia do instituto, que abarca un radio xeográfico extenso configurado por un trazo común de tipo fundamentalmente rural. Non obstante, esta procedencia non significa que a actividade económica principal da familia estea relacionada cos labores agrícolas ou puramente rurais, pois percíbese como subsidiaria no contexto dos ingresos do grupo familiar. O alumnado da ESO provén maioritariamente de dous colexios de ambientes distintos: por un lado, o CEIP Cruz Budiño atópase nunha parroquia que se podería describir como semirrural, con certa importancia do traballo agrícola, pero cunha poboación que aproveita maioritariamente os recursos principais que lle ofrece a industria da zona e os servizos; por outro lado, o CEIP Antonio Palacios sitúase nun entorno máis urbano, xa no polígono de Torneiros, aínda que o ambiente sociocultural das familias é moi similar ao de Budiño. Nos dous casos pódese falar defamilias de clase media ou media-baixa.

Se atendemos os sexos, atopamos unha diferenciación nas súas actividades. Así, mentres os pais desenvolven actividades pertencentes ao sector secundario, seguido de lonxe polo terciario e unha baixa porcentaxe do sector primario, as nais son maioritariamente amas de casa, tarefa que combinan coas labores agrícolas para o autoconsumo. Unha baixa porcentaxe das mulleres dedicase ao sector secundario e terciario. É salientable o feito de que nos cursos máis baixos (polo tanto, o alumnado máis novo) se incrementa o número de nais que traballanfóra de casa.

En canto ao nivel de formación, a maioría dos pais posúen estudos primarios. Os estudos secundarios só os posúen o 15 % dos pais e unha porcentaxe menor de nais, sendo insignificante a posesión de estudios superiores.

Características socioculturais do alumnado

No noso centro, como reflexo da sociedade actual, convive alumnado diverso:

alumnado cun bo rendemento académico xunto con alumnado con necesidades educativas especiais derivadas dalgunha discapacidade, alumnado con atraso escolar que precisan adaptacións significativas do currículo, alumnado desmotivado, con actitudes e/ou comportamentos inaxeitados ante as aprendizaxes escolares, e tamén alumnado cunhas características culturaisou sociais que se afastan dos da maioria.

Dentro deste último grupo, atópase o alumnado xitano, de distintas procedencias, ao que debemos dedicar un apartado especial neste Proxecto Lingüístico de centro, xa que as necesidades educativas que presentan, veñen derivadas pola alta desmotivación cara aos estudos e o descoñecemento en moitos dos casos da lingua propia de Galiza, o que require dunha atención específica que lles permita acadar unha axeitada competencia comunicativa nos dous idiomas oficiais, dada a importancia do dominio da lingua no éxito ou fracaso escolar.

É significativo mencionar que nas aulas do instituto se percibe en gran proporción a presenza de alumnado que posúe unha idade superior á do curso corrente en que realiza os seus estudos. Esta situación evidencia a existencia de cotas altas de fracaso escolar, síntoma dunha falta de motivación xeralizada en boa parte do alumnado, o que provoca ritmos lentosde aprendizaxe e promoción.

Pódese dicir, por isto, que o alumnado posúe unhas características moi heteroxéneas, que se sitúan fundamentalmente en cuestións académicas (en función do distinto rendemento que sobre este aspecto manifesta), etarias (desde os 12 anos en adiante), curriculares (pola opción de estudos que pode cursar), de procedencia xeográfica (rural, semirrural, urbana) e de estratificación social (media e media baixa). Con todo, a efectos deste plan lingüístico, teremos en conta o alumnado da ESO exclusivamente, por considerarse que o alumnado que nutre fundamentalmente tanto o BAC como os ciclos deriva, como dixemos, deste nivel educativo.

Contexto sociolingüístico. Resultados do estudo

Presentamos neste apartado, en primeiro lugar, o resultado das enquisas realizadas no presente curso poñéndoas en relación cos obtidos no estudo de 2016. A continuación, realizamos unha breve interpretación que nos vai levar a coñecer tanto o estado actual do contexto sociolingüístico como a evolución dos resultados nos últimos cinco anos. Estes datosvannos servir para, xa no apartado seguinte, detallar as medidas que se poden tomar desde o centro para solucionar, na medida do posible, os problemas detectados ou, en caso contrario, confirmar a continuidade das políticas levadas a cabo ao longo de todo este tempo.

Ficha técnica da enquisa 2021

O estudo levouse a cabo entre os meses de abril e maio de 2021 para coñecer de maneira precisa o uso da lingua galega e castelán entre a comunidade educativa do IES Ribeira do Louro: o estudantado, o profesorado, persoal de adiminstración e servizos e familias.
Mantívose o procedemento de enquisa de resposta directa e anónima que se utilizou para osanteriors Proxectos Lingüísticos de Centro de 2016 e 2010.

Para que o resultado da comparación fose o máis precisa posible, durante o deseño do cuestionario mantivéronse a meirande parte das preguntas de 2016, e utilizouse o mesmo criterio de selección de mostras dentro da poboación total do centro. O noso interese, aplicando este método, é coñecer os mesmos aspectos analizados hai 5

anos para elaborar unestudo comparativo acerca da evolución destes ítems tempo despois.

Ademais, no cuestionario engadimos máis preguntas relacionadas cos usos lingüísticos coas novas tecnoloxías e internet, dada a obvia relevancia que hoxe posúen as novas tecnoloxías no contexto da sociedade da información en que vivimos, e a utilidade do coñecemento deste dato para, combinados cos xa coñecidos na enquisa anterior, poder deseñar un contexto de intervención máis completo que integre as TIC.

Foron escollidos os catro cursos da ESO, Bacharelato, FP Básica e Ciclos formativos. A mostra, polo tanto, componse dun total de 188 alumnos (141 de ESO e Bacharelato e 47 de FPBásica e Ciclos formativos) e 30 profesores (fronte aos 223 alumnos e 54 profesores enquisados en 2016). Cremos que o establecemento dun formulario telemático para as respostas prexudicou a atención e recepción de máis esquisas.

Pola contra, e enquisa para as familias foi distribuida nun documento impreso entregada a través do alumnado, deste xeito recibironse 309.

En canto ao persoal de administración e servizos participou ao 50% (5 traballadores) taménpor medio dun formulario telemático.

Para as enquisas do alumnado, realizáronse 10 preguntas principais que desenvolven un total de 66 ítems que se interesan polos usos lingüísticos do alumnado en función do ámbito (escolar e familiar) e dos destinatarios (dentro do contexto escolar ao profesorado e dentro do grupo familiar aos ascendentes directos ata dúas xeracións), xunto con outras cuestións relacionadas coa percepción propia da competencia escrita e oral, as actitudes que se despregan en relación co uso da lingua no centro e, finalmente, sobre os hábitos de ocio que existen nesta lingua (literarios e en medios de comunicación).

Para as enquisas do profesorado, foron realizadas 4 preguntas principais e unha derivada, con 18 items totais que cuestionan aspectos relacionados coa lingua de uso fóra da aula, a percepción propia da competencia en lingua galega no ámbito docente e,finalmente, as actitudes ligadas ao esforzos por promover a lingua no instituto e a mellorar a competencia propia en lingua galega.

No estudo actual tamñen se achegan enquisas realizadas ao persoal de administración e servizos. Un total de 5 preguntas, 4 principais e unha derivada, e 18 ítens.

Amais tamén se lle entregou un cuestionario ás nais ou pais do alumnado menor de idade, o cal propoñia 6 preguntas, 5 principais e unha derivada, con 21 ítens.

Nos Anexos II (para o alumnado), III (para o profesorado), IV (para PAS) e V (familias) achegamos a desagregación de cada unha das respostas gráficas por grupos, que aqui ofreceremos de forma sintética
por medio de datos e interpretacións aos efectos únicos de deseñar un contexto sociocultural xenérico que describa e singularice a realidade lingüística do centro, fundamentado na propia análise dos datos obtidos, e permita deseñar unha actuación dinamizadora consecuente. Esta contextualización realízase, ao tempo, ofrecendo un contraste cos datos recollidos no anterior estudo de 2016 e mesmo recorrendo ao de 2010. A medida que detallamos os diversos aspectos referidos na enquisa, apuntaremos as medidas que propomos adoptar para contribuírmos a solucionar os problemas detectados.

Diagnose e obxectivos principais derivados

Datos do estudo realizado no presente curso escolar comparados co anterior estudo (2010/2016), e principais obxectivos por adoptar

Enquisa ao alumnado (contexto sociolingüístico do alumnado de ESO, Bacharelato, FPBásica e Ciclos formativos)

LINGUA FAMILIAR

Se en 2010, comprobabamos que non existía un equilibrio entre o uso de galego como lingua habitual na casa (32%) fronte ao castelán (64,5%). Seis anos despois, percibimos que esta situación empeoraba, prodúcese un notable incremento dos usos lingüísticos no ámbito familiar en favor do castelán (75%) en detrimento claro do galego (19,2%). **Cuestión que vai a peor en 2021, pois os ítens sempre en castelán o unas dúas, pero mñais en castelán suman o 77,1°/«, en canto que sempre en galego o unas dúas, pero** máis galego só acadan o 19,55°/». Os protagonistas deste incremento sitúanse no bloque de usuarios circunstanciais do galego que empregan maioritariamente o castelán, en prexuízo dos falantes monolingües de galego, que son quen realmente perden dominio porcentual. Esta tendencia coincide en liñas xerais coa situación socíolingüística xeral que se percibe na nosa comunidade, de acordo coas enquisas e estudos máis recentes.

No que respecta ao noso instituto, esta situación é grave xa que o número de falantes habituais é un anecdótico 19%, onde os monolingües só ao 8,35%%. Manténdose esta tendencia descendente, o cambio lingüístico completo podería verse consumado nos vindeiros cursos escolares.

A día de hoxe, vémonos na imposibilidade de manter o uso da súa lingua para ese escaso 8% de alumnos que se declaran galegofalantes, lingua que no instituto abandonan maioritariamente (tan só a manteñen o 0,35% ou compatilibilzan co castelán privilexiando a lingua propia só nun 3,2%) para pasar a utilizar de xeito aplastantemente hexemónico *só* o castelán ou *máis* castelán (96,1%, de acordo coas tendencias en alza). Se en 2010 se perdían 8,6 puntos porcentuais de galegofalantes ao entraren no instituto, e se confirmaba en 2016 esta tendencia incrementada até chegar a perdérense 11,5 puntos. Naactualidade sobe até *aínda* 5 puntos porcentuais máis.

O contexto co que se atopan os monolingües de galego no centro escolar non os anima a manter a lingua de uso habitual para eles. Á vista dos datos, percíbese como imprescindible e urxente para este proxecto crear un contexto adecuado para que os usos comunicativos dos alegofalantes non se vexan alterados e, polo tanto, poidan continuar utilizando con normalidade a súa lingua no instituto. É fundamental deseñar actividades que consigan frear este cambio lingüístico e que constrúan para a lingua galega e os seus usuarios un ambiente detotal normalidade (actitudes e valores libres de prexuizos)

LINGUA HABITUAL

A lingua predominante das familias dos nosos alumnos, en 2010, era o galego (o 51%

no caso dos pais, e o 66% no dos avós). En 2016, comprobamos que os usos comunicativos cambiaran, e percibíase un descenso da lingua galega tanto nos pais (36%, cunha perda de 15 puntos porcentuais) como nas xeracións dos avós (48%, cun descenso de 18 puntos). Na actualidade os datos anteditos mostran só un 13,7%, que simplemente se explican co abandono da utilización do galego en todos os contextos, polo uso das dúas linguas cunha feble transposición dos datos provenientes do monolingüismo para o íten *nas dúas, pero máis* ga/ego que ofrece agora un 27,45%. Mais os uso maioritario ou exclusivos do castelán sitúase agora no (59%), que hai cinco anos era practicamente do 49%.

No caso dos avós, neste curso lectivo demóstrase a perda de 23 puntos a respecto de hai dez anos. O uso exclusivo da lingua dos datos recollidos neste curso é do 43,5%, e como no caso dos pais increméntase o apartado correspondente a máis galego en 13 puntos. (Pasamos do 13% de 2016 ao 27%). Por tanto, á vista dos datos, tan só nos limitaremos prudentemente a sinalar como obxectivo do noso proxecto para esta cuestión que unha parte importante de alumnos recupere a lingua que lles é propia no seu contorno familiar máis inmediato. Debemos impedir que se tronce de xeito definitivo a transmisión lingüística do galego entre pais e fillos. Temos que aumentar a autoestima cultural e lingüística do noso alumnado, facer que lles teñan cariño a lingua dos seus pais e dos seus avós.

LINGUA DE USO CO PROFESORADO

A partir dos datos obtidos, observamos que a lingua do profesorado determina nunha maioría dos casos a lingua do alumnado.
O alumnado que se dirixe ao profesorado unicamente en galego é practicamente inexistente, e o que emprega máis o galego non chega ao 6%, pola contra o uso maioritario ou único do castelán refórzase até atinxir o 89%, o que discrepa da dependencia da lingua vehicular utilizada polo profesorado anos atrás (54% ou 63 % *segundo a lingua na que me falen),* porque nesta altura o alumnado manifesta a vontade de uso do español nus valores case absolutos.

Polo tanto, está nas nosas mans axudar a aumentar os usos comunicativos en lingua galega, sobre todo, se temos en conta o aspecto sinalado tanto do abandono do alumnado monolingüe en galego como para evitar o inminente cambio lingüístico completo da comunidade escolar.

Vistas as actitudes positivas xerais que mostra en 2021 o profesorado a favor de lingua galega (un 86% creo que se debería facer maior esforzó para un maior emprego do galego na comunidade escolar), que contrasta, non obstante, co elevado índice de monolingüísmo en castelán fóra das aulas, atopámonos cunha situación favorable para que, tomando a iniciativa, se faga uso do galego co alumnado e este atope nos seus docentes unha motivación para utilizar a lingua galega. Por isto, propomos animar a que o profesorado utilice normalmente a lingua galega fóra das aulas e nas súas relacións co alumnado, e pedímoslle que faga o mesmo na súa relación coas familias deste, petición que facemos extensiva ao persoal de administración e servizos.

PERCEPCIÓN DE SEGURIDADE NO USO LINGÜÍSTICO DO GALEGO

Aínda que haxa que tratar con cautela estas respostas, ao se trataren de impresións expresamente subxectivas, coidamos que poden aproximarnos a un coñecemento sobre a comparación entre competencias galego-castelán no alumnado do noso

centro:

A sensación de mellor competencia en castelán é claramente superior, tanto na sondaxede 2010 como, en maior medida, na de 2016, que se verifica en 2021 (0 87 % do alumnado sente maior confianza ao escribir en castelán e un 78% din expresarse oralmente con maior seguridade neste idioma). Un obxectivo razoable neste aspecto sería aumentar a porcentaxe dos que se sintan con total seguridade nas dúas linguas, e polo menos, equilibrar as porcentaxes de quen se sintan máis seguros nunha lingua ou noutra.

Propomos como actividade de reforzo que nas clases de linguas estranxeiras (inglés, francés, portugués) nas que se poidan facer exercícios de tradución e contraste de linguas selle dea tamén cabida ao galego como lingua de apoio.

ACTITUDE PERANTE O GALEGO NO INSTITUTO

Formulamos esta pregunta coa intención de analizarmos as actitudes lingüísticas do alumnado verbo da normalización do galego. Lendo os resultados e as respostas coas que xustificaban a súa opinión (lembremos que neste caso o tipo de resposta era aberta e non se lle presentaban opcións), podemos concluir que neste aspecto as actitudes positivas cara a un maior uso do galego son claramente maioritarias. Na presente enquisa o alumnado opina nun elevado 74% que se debería falar máis galego no instituto.

En termos cuantitativos, xa en 2016 se producira un aumento da distancia entre as actitudes positivas (57%) e as negativas cara ao galego (35%) en 22 puntos porcentuais, cando en 2010 habia unha diferenza de tan só 8. Observamos, pois, que as actitudes a favor da lingua galega son máis positivas ca nas enquisas anteriores. Na actual a diferenza entre as actitudes positivas e negativas fica nun rotundo 74-16% (ascende en 17 puntos a resposta a favor do galego e descende en 19 aquela que mostra unha actitude claramente negativa). Non obstante, debemos seguir traballando neste sentido, pois comprobamos que aínda se mantén un nivel elevado de actitude negativa cara ao galego en case catro de cada dez persoas consultadas.

Cualitativamente, dentro do 74% que responderon afirmativamente, podemos ler enunciados do tipo: *"Porque hai que darle máis uso, porque non se pode perder a nosa lingua, porque a lingua está en desuso e non deberia ser* as/, *pora usarmos máis a nosa lingua e que non desapareza, porque é a lingua da nos aterra, porque é a lingua oficial de onde vivimos, porque temos que facer que a nosa lingua se interioúce e se normalice".* Como vemos, dentro deste grupo as actitudes positivas respecto do galego son evidentes e salientan especialmente as opinións que amosan a preocupación pola propia supervivencia do galego se non facemos algo (preto da metade das respostas van nesa dirección e conteñen as palabras: *perderse,extinguir, desaparecer, existir, conservar).*

No que respecta ao grupo dos que responderon negativamente (35%), a maioría das respostas non indican unha opinión negativa sobre o galego senón aquela que vai na liña de que se ten a sensación de que xa se fala bastante, que as cousas están bastante ben e que non cambiaría moito o que hai, unha aposta polo bilingüismo sen discriminar positivamente a lingua propia, ou a lóxica resposta de que como usa case sempre o castelán, o galego parécelle máis difícil. Con todo, parécenos importante salientar que aínda existe un certo número de alumnos que amosan de xeito explícito prexuízos sociais aínda non superados respecto do idioma propio de Galicia

e seguen respondendo: *"Non, porque o galego non me gusta".* Este dato, en 2016 chegaba ao 5% e no 2010 o 6%..

Con independencia ao uso, que é unha opción persoal, as actitudes negativas cara a unha lingua, sexa cal for, deberan diminuírse o máximo posible mesmo tratando de conseguir a súatotal desaparición.

Os que non responderon ou dixeron directamente que non sabían representan unha porcentaxe do 20%.

HÁBITO VOLUNTARIO DE LECTURA EN LINGUA GALEGA

Pregunta importante para o reforzo da competencia lectora e lingüística do noso alumnado. Temos unha porcentaxe medio-alta dos que podemos considerar bos lectores (63%, aínda que 10 puntos menor que no último proxecto lingüístico), aqueles que len sen que helo manden durante as vacacións e ao longo do curso.

Aquí cumprirá seguir traballando para conseguir que ese 36% dos alumnos que confesan ter só os libros que lles mandan no instituto se afeccionen a ter de cando en vez por pracer (e na lingua que estimen oportuna).

Como vemos, entre os bos lectores, a disposición para ler en galego é favorable nun 56%, o que resulta un aspecto positivo. Non obstante, debemos resaltar o incremento a respecto de 2016 do 6%, mais a sensíbel redución comparando os datos con 2010, que era dun 75%.

Estáncase, polo tanto, o consumo voluntario de libros en lingua galega.

Neste sentido, pensamos que a promoción da lectura en galego debe vir acompañada pola recomendación dun conxunto de títulos que resulten especialmente atractivos para as idades dos rapaces enquisados, lonxe da relación de libros considerados do canon histórico- literario galego (que se percibe como materia de estudo), o cal podería incidir positivamente tanto na promoción da lectura como na creación dun hábito lector voluntario en galego que mellore estas porcentaxes. Traballar tamén as actitudes cara á lingua vai axudar a este propósito. Son positivas —aínda que se ven insuficientes, de acordo cos datos— as experiencias que se levan a cabo no centro desde a biblioteca escolar e o club de lectura do centro, desde onde se debe fomentar o hábito de lectura en xeral e o coñecemento e a promoción dos títulos en galego máis recentes, e asemade ter un carácter normalizador canto ao desequilibrio de lecturas e publicacións castelánigalego.

OS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

Para a normalización dun idioma, son fundamentais os contextos socializadores da familia, a escola e ogrupo de iguais (amigos). Con todo, as tendencias sociais actuais sinalan como cuarto medio normalizador a televisión e as novas tecnoloxías. Para o caso do galego, podemos facer moito dende o instituto, aínda que loxicamente existen esoutros factores sociais que poden xogar a favor ou en contra.

En canto aos medios de comunicación, atopamos que a inmensa maioría se desenvolven en castelán, e quixemos preguntarlles aos nosos alumnos directamente

por eles. En primeiro lugar, para coñecer o grao de consumo e, por outra parte, para saber a medida en que interfiren nas súas preferencias persoais, dentro da oferta existente, os programas en galego.

TELEVISIÓN

Os datos sobre a cantidade de tempo que os nosos rapaces e rapazas pasan de xeito pasivo diante dun aparello de televisión son enormemente preocupantes para a súa educación integral, a súa socialización e o desenvolvemento, entre outros, de hábitos de vida saudables. Malia que se produce un descenso acusado a favor da internet (cuestión que seanalizará deseguido).

Neste sentido, parece claro que cómpre concienciar as familias (sobre todo a través das titorías) para que o alumnado faga un uso moito máis moderado deste medio de comunicación, de xeito que estas porcentaxes de exposición ás pantallas se reduzan drasticamente. Se conseguísemos que eses estudantes investisen ese tempo noutras actividades (deporte, outros hábitos de vida saudable, socialización, lectura, estudo, etc.) semella evidente que contribuiría a unha mellora do seu rendemento académico.

Non debemos deixar de mencionar que moitos dos hábitos que xustifican esta tendencia xeral á diminución da televisión están motivados pola substitución do uso deste medio de comunicación por Internet. Sobre este asunto, cómpre tamén facer chegar ás familias as correspondentes advertencias sobre os usos horarios e o necesario control de contidos consultados (tipos de webs visitadas, acceso ás redes sociais e foros, etc.).

É preciso subliñar que a diminución no visionado da tv implica un incremento

dos hábitos — tamén sedentarios, por outra parte— de consulta en Internet e utilización das redes sociais). Comprobamos que a tendencia en canto á programación en galego con relación aos datos de 2016 non variou de forma considerable. Son un 51% dos enquisados Mentres aqueles que afirman non ver algún contido de televisión en galego (índices que tiveran un grande descendo 11 puntos porcentuais na comparanza dos estudos anteriores.

As razóns que expliquen esta situación poden ser varias (calidade e variedade da oferta de programación en lingua galega, incremento da chamada *televisión á carta,* que diversifica as opcións para o castelán e outros idiomas e anúlanas para o galego dada a súa inexistencia, etc.), e descoñecemos neste sentido se as actitudes negativas cara á lingua interveñen nestesdatos e, en caso afirmativo, en que medida inflúen nesta decisión.

INTERNET

Esta pregunta fora introducida por primeira vez na edición de 2016, polo que non dispoñemos de datos de contraste con relación a 2010. Para a presente edición dedidíuse ampliar este apartado sabendo da mudanza de hábitos de consumo, especialmente entre a mocidade.

Na primeira pregunta tratouse de averiguar o tempo de conexión diaria á rede, o que ofrece datos mesmo alarmantes que nos levan a acreditar na dependencia

dunha parte importante do alumnado cara aos aparellos dixitais con conexión (computadores, móbiles, consolas). O alumnado que recoñece botar máis de dúas horas diarias fronte ás pantallas para conectarse á **internet** é do 81,5%. (Amais un terzo confesa facelo durante cinco horas oumáis)

O idioma escollido para accecer á rede é maioritariamente o castelán (85%), seguindo do inglés (8%); no caso do galego non entra na escolta, e ademais, reduce a 4 puntos (só un 4%) o uso habitual. Como vemos, máis da metade das respostas afirman facer uso de internet en lingua galega, a maioría deles asociado ao consumo de contidos para as clases do instituto. Aínda que esta resposta xustifica perfectamente o uso, sorprende que un 34% (2016: 32%) non se sinta estimulado a buscar contidos en lingua galega nin sequera por este mesmo motivo.

Enquisa ao profesorado (contexto sociolingüístico do profesorado)

Como xa foi comentado, o sector do profesorado resulta estratéxico á hora de servir como elemento normalizador da lingua galega no contexto escolar. Por este motivo, consideramos importante para o presente proxecto valorar tamén os resultados dos seus hábitoslingüísticos. Presentamos a continuación os datos e as conclusións obtidas a partir do estudo realizado neste curso académico, postos en relación cos anteriores de 2010.

HÁBITOS LINGÜÍSTICOS FÓRA DAS AULAS

O cadro de persoal actual no instituto mostra uns usos comunicativos monolingües en castelán (25%) elevados que, xunto cos maioritariamente casteláns, chega case ao 61% do profesorado enquísado. Ante esta situación, o alumnado ten a percepción de que, fóra das clases, o galego ten bastante pouca presenza, o cal non axuda ás pretensións de normalizar alingua no contexto escolar.

No contraste cos datos recollidos nos outros estudos anteriores debemos chamar a atención que á chamada do cuestionario de 2021 acudiu só o 40% do profesorado, o que pode supor certa disfuncionalidade nos datos finais. Neste sentido, se temos en conta tamén que, tal e como vimos, o 74% do alumnado enquisado considera que se debera falar máis galego no instituto, e que só o 6% do alumnado manifesta que se dirixe ao profesorado maioritariamente en galego, cumpriría incidir no obxectivo xa sinalado anteriormente: propomos animar a que o profesorado utilice normalmente a lingua galega fóra das aulas e nas súas relacións co alumnado, e pedísmoslle que faga o mesmo na súa relación coas familias deste, petición que facemos extensiva ao persoal de administración e servizos.

COMPETENCIA COMUNICATIVA (PERCIBIDA) NA DOCENCIA

Como podemos comprobar polos datos, o grao de coñecemento que se ten sobre a lingua, que é elevado, non debera ser obstáculo para o seu uso no contexto escolar. O 89,6% do profesorado recoñece que posúe, polo menos, unha competencia comunicativa media da lingua galega (dato practicamente idéntico ao de 2016: 87%).

O grupo daqueles que recoñecen posuír unha competencia moi baixa ou baixa mantense. Sobre esta cuestión, é significativa a disposición positiva que existe en relación coa realización de cursos que permitan a mellora da competencia sobre a

lingua, que con relación a 2016 se ve incrementada en practicamente en 22 puntos porcentuais (2021:76,5% - 2016: 5,8%). Así pois, un obxectivo do Proxecto Lingüístico debe ser facilitar aos profesores o perfeccionamento da súa competencia mediante a organización galego no propio centro.

ACTITUDE DE CARA AO USO DO GALEGO NO IES

Deberían ser alentadores tamén os resultados que permiten observar a actitude positiva do profesorado de cara ao incremento dos esforzos para conseguir maior uso da lingua galega no instituto por parte do alumnado (que contrastan, non obstante, co elevado índice de profesorado monolingüe en castelán, como vimos) e mesmo a práctica diaria observada tanto nas aulas como en moitas das actividades escolares levadas a cabo.

Máis de dous terzos do profesorado (86,2%) móstrase favorable a que se potencie entre o alumnado a lingua galega, situación imprescindible para que o esforzo normalizador vaia adiante e obteña os froitos esperados. Este contexto mellorou con relación a 2016 en 27 puntos porcentuais.

Enquisa ao persoal de administración e servizos

A metade do persoal traballador do centro pararticipou por primeira vez na elaboración das enquisas.

LINGUA HABITUAL

Os traballadores e traballadoras utilizan a lingua galega no ambiente laboral 75% sempre engalego; 25°/« máis galego.

Nas relacións sociais fóra do traballo a utilización das dúas linguas oficiais é ao 50%

COMPETENCIA LINGÜÍSTICA

O grao de capacidade para empregar a lingua galega é considerado medio (40%), alto (40%) ou moi alto (20%), polo que non se rexistran resultados para unha competencia baixa ou moi baixa. O que indica un grao de formación adecuado, que ademais se reflicte no 100% de respostas negativas perante a posibilidade de optar a maior formación.

ACTITUDE PERANTE A LINGUA

Cre o 80% que se debería facer un maior esforzo para incrementar que o estudantado e a comunidade escolar en xeral, empregase máis a lingua galega no **instituto.**

Enquisas ás familias

Por primeira vez tamén nesta edición do Proxecto se decidiu enviar un ceustionario de 6 preguntas ás famílias do alumnado coa intención de realizar un estudo completo de todos oselementos integrantes a comunidade escolar.

LINGUA HABITUAL

Foron tres as preguntas da enquisa:

1ã Lingua utilizada na casa e coa familia. O galego (tanto na utilización exclusiva como maioritaria non acada o 30%).

2ª. Lingua no ámbito laboral ou nas relacións sociais. O castelán imponse abrumadoramente co83%.

3ª. Lingua escolida para educar os fillos. Os pais manifestan que maioritariamente utilizan as dúas 53%, mais á hora de escoller só unha lingua a balanza decántase polo español: 39% fronteao galego cun exíguo 8% de monolingües.

COMPETENCIA

A competencia flutúa maioritariamente entre un nivel medio (39%) e alto (47%). Destaca que a percepción da competencia baixa ou moi baixa só suma un 9%, o cal explicamos por seren os pais pertencentes a unha xeración educada plenamente na lingua galega nos planos escolares de estudos obrigatorios. Isto explica a renuncia á non realización de cursos de formación por parte dun 42% dos enquisados.

ACTITUDE CARA Á LINGUA

O 53º/» dos proxenitores desexarían facer un maior esforzo para incrementar a presenza dogalego entre a comunidade escolar. Non obstante hai un 18% que discrepa da promoción dalingua propia de Galiza no centro.

Resultado do estudo. Conclusións

A partir dos datos analizados, a día de hoxe, podemos afirmar que o alumnado utiliza o castelán como lingua habitual no instituto de forma maioritaria. A proporción de monolingües en galego é case inexistente. Esta situación é alarmante e débeselle facer fronte para evitar que o alumnado monolingüe en galego, procedente principalmente do centro educativo de Budiño e escolarizado en galego, se vexa movido a instalarse no castelán ao non atopar no noso instituto o contexto idóneo para a socialización na súa propia lingua. Esta tendencia viuse incrementada nunha elevada proporción nos últimos anos, polo que cómpre intervir no contexto con medidas urxentes.

No centro coexisten outras linguas que son faladas por grupos realmente minoritarios. É destacable a existencia do portugués, utilizada por inmigrantes ou polos grupos étnicos xitanos ciganos, e o magrebí, que atopamos en casos contados de inmigrantes asentados na localidade. Os usos comunicativos principais destas comunidades sitúanse na lingua castelá (vehicular para eles no centro), e contactan coa lingua galega case unicamente nas aulas ou reforzos que reciben. As súaslinguas maternas non teñen garantida a aprendizaxe dentro do sistema educativo, agás os portugués das familias ciganas, que en todo o caso deberia vir xa impartido desde a primaria, co fin de non encontrarmos con alumnado ágrafo na súa lingua propia ao chegar ao ensino secundario obrigatorio. Deste xeito estes idiomas quedan relegados case exclusivamente ao ámbito familiar e ao uso entre iguais durante os tempos de lecer (recreos e cambios de clase).

A pesar dos datos negativos, comprobamos que pode haber solución se hai vontade. O alumnadomanifesta que comprende sen problema a lingua galega e mesmo se mostra favorable, na súa maioría e incluso con actitudes máis positivas cás do ano 2016, a que

se utilice o galego e se promova o seu uso no instituto. O alumnado procedente doutros países e grupos étnicos non manifesta ter dificultade para a comprensión do galego, aínda que si mostra dificultade obvia para poder falalo.

Pola súa parte, o profesorado utiliza fóra das aulas o castelán nunha proporción maioritaria. Con todo, manifesta posuír una nivel de competencia (percibida) alta sobre o galego, estaría disposto a formarse, e tamén mostra maioritariamente unhas actitudes positivas para que sepotencie o uso dalingua galega entre o estudantado.

Estamos, pois, ante un contexto sociolingüístico que non tería problemas en asumir a lingua galega como vehicular no centro, tanto por parte do alumnado como do profesorado. Se, como comprobamos nas enquisas, a decisión lingüística do profesorado determina na maioría dos casos a lingua do alumnado, pechando o círculo, obtemos que o compromiso do profesorado se percibe como unha peza clave para o labor normalizados e a promoción dos usos comunicativos en lingua galega entre o estudantado.

Parece necesario, pois, traballar para que a realidade do centro educativo, que se desenvolve maioritariamente en castelán, sexa tratada convenientemente con diversas actividades de dinamización conducentes ao incremento dos valores e actitudes cara á lingua,que detallamos noseu apartado correspondente.

II Contorna sociolingüística do centro

É evidente que a consecución das actividades presenciais de dinamización lingüística previstas para este curso 2020/2021 van estar subordinadas ao estado da pandemia da COVID 19 que impide a realización habitual de eventos presenciais, e en todo caso, condiciona a súa realización e aproveitamento ao estar suxeitos á estrita aplicación do protocolo COVID de seguridade sanitaria. Ofrécese a previsión de actividades, algunhas delas ficaran pendentes do curso pasado, polo que se alteran lixeiramente; outras son novidades que se adpatan á situación presente, polo que se de non poder atinxilas todas, optarase por unha selección que involucre ao alumnado e comunidade educativa no fomento, utilización e normalización da linguagalega.

Desexamos proxectar cara ao exterior o maior número de actividades e producións do noso centro. Como logo veremos na descrición de actividades, durante este curso

está previsto de novo que diversas exposicións preparadas polo noso EDL, visiten outros centros educativos (nos últimos cursos teñen estado noutros centros do Porriño, Vigo, Allariz, Ponteareas, Salceda, Brión, Soutomaior). E o mesmo desexamos facer coa actividade teatral "Grandes mulleres da historia", que nos cinco últimos anos académicos acudiu a institutos de Tui, Ponteareas, O Carballiño, Verín, Vigo; mesmo foi elixida nunha ocasión polo concello vigués para celebrar o Día da Muller nunha céntrica praza.

A interacción instituto-contorna e a organización de actividades de dinamización no propio centro vai depender do estado da pandemia da COVID 19, a idea é que se reflectitan fóra do instituto as pezas teatrais que prepararemos, como xa sucedeu nos cursos anteriores, como a feita co IES Pino Manso, representando a *Vendedora de palabras,* a cargo dos nosos alumnos e alumnas do taller de teatro.

Por quinto consecutivo, no mes de febreiro, mes de Rosalía de Castro, homenaxearemos a nosa autora máis internacional, celebrando a *Ruada rosaliana.*

Este ano debemos engadir a continuación de proxectos transversais: o denominado "Codelas do futuro" onde se investigará e promocionará o pan máis representativo de Galiza, entre os que se atopa o do Porriño, como sustento básico no pasado e dinamizador da economía de hoxe. E o "Certame de Regueifas Loureando", que dará pé a traballaF CO alumnado de todos os niveis a improvisación oral de xeito creativo en lingua galega.

Tamén é destacábel a engádega de novos proxectos do **Sen preguiza...en** galego *(Tempo de folgar, RDL* 2022), proxecto que procura promover a lingua a través de campañas de normalización e Verbo Xebre, proxecto de recuperación e divulgación do léxico enxebre do Val da Louriña.

Finalmente, desexamos distribuír a revista *Órbita* X\d entre o noso alumnado e as súas familias coa finalidade de que coõezan algunhas das actividades e tarefas levadas a cabo durante o curso 2019-2020.

a Situación do profesorado

Neste sector centraremos os nosos esforzos en conseguir a implicación do meirande número de compañeiros/as na realización de actividades dinamizadoras (e normalizadoras) de calidade.

b Situación do alumnado

Se cadra o cometido máis importante ao que estamos chamados é o de contribuírmos a recuperar o prestixio social da lingua entre a mocidade. Cómpre non esquecer a procedencia periurbana de gran parte do alumnado que acode ao noso centro, o que nos obriga xa non só a gañar falantes de galego, senón, en primeiro lugar, a conservar os que temos, que descenderon dende o ano 2010, en que se elaborou o anterior

Proxecto lingüístico de centro. É certo que a esmagadora presenza dos medios de comunicación en castelán, sobre todo os televisivos, non nos axudan demasiado neste eido; con todo, debemos lembrar que o ámbito escolar constitúe un espazo de socialización importantísimo entre os máis novos e é preciso que o aproveitemos. Por iso deseñamos actividades que teñen que ver cos usos orais e que poden conectar cos intereses dos estudantes: teatro, cinema, música, regueifas, dobraxe e composición musical.

b) Situación lingüística do centro

Neste aspecto o noso obxectivo fundamental é que o IES Ribeira do Louro sexa un lugar favorable ao uso do noso idioma, para que o alumnado galego-falante non agoche a sÚa lingua e o castelán-Galante sinta o estímulo de aprender e utilizar a lingua galega na súa vida cotiá. Só podemos escoller entre dúas linguas se dominamos as dúas, pola contra se só coñecemos unha, estaremos abocados a non poder elixir.

III Actividades de dinamización lingüística

O conxunto de actuacións que pretendemos realizar, algunhas delas xa incluídas no Proxecto Lingüístico do Centro dende o curso 2019-2020, formará parte da programación anual de actividades do noso instituto.

Actuacións de carácter xeral para potencial o uso da lingua

- **Aspectos visuais e documentais**

a Promover a utilización do galego en todo tipo de carteis e avisos presentes nos espazos do centro, con rótulos permanentes.

b Redactar en galego toda a documentación do centro, tanto a de uso interno (actas, convocatorias, impresos de avaliación) coma externo (comunicados, boletíns de notas, publicacións...); e tanto de carácter administrativo coma pedagóxico.

c Manter os carimbos (rexistros de entrada e saída, o do centro, os da biblioteca, etc.) no noso idioma.

d Manter o taboleiro permanente do instituto con información sociolingüística.

Preocuparémonos especialmente en compilar da prensa todas aquelas novas que supoñan un avance na recuperación do prestixio social da lingua, de cara a impulsar a creación de actitudes positivas respecto do noso idioma.

e Editar en galego a páxina web do centro, cun espazo específico para as actividades levadas a cabo polo EDL e para diversos recursos orientados a mellorar o uso da lingua galega. As levadas a cabo ata o momento poden consultarse en: http://www.edu.xunta.gal/centros/iesribeiralouro/taxonom_Y/term/118

f Editar en galego a revista escolar do centro, *Órbita XVI.*

g Poñer nome de galeg@s relevantes a espazos do noso centro.

- Usos cotiáns

a Utilización do galego en todos os actos que organice o centro: xuntanzas, festivais, relatorios, xogos, etc.

b Emprego da lingua galega por parte dos profesores e do persoal non docente coas familias, co alumnado e coas persoas alleas ao centro (representantes, distribuidores, comerciais, etc.).

Actividades específicas con especial incidencia normalizadora

a Organizar e coordinar varios grupos de teatro no centro, de cara a representar diversas obras (presenciais, virtuais ou gravadas) na Semana do Libro e na Semana das Letras Galegas.

b Colaborar na representación teatral *Grandes mulleres da historia,* en que un bo feixe de estudantes (rapaces e rapazas) asumirán o rol dalgunhas personaxes femininas de relevancia social.

c Darlle en xeral especial pulo a todas as actividades en que se potencien os usos orais por parte do alumnado: cinema, teatro, dobraxes, composición musical, etc.

d Deseñar un plan de acollida lingüística para o alumnado inmigrante que inclúa, entre outras cousas, unha campaña específica de sensibilización para axudar a cambiar as actitudes lingüísticas.

e Fornecer de libros en galego a biblioteca, dotar as aulas de manuais deconsulta, en especial de dicionarios e mais colaborar cos profesores encargados da biblioteca nun plan de animación da lectura en galego.

f Colaborar na organización dos actos das Letras Galegas, considerando este evento non dun xeito estritamente literario, senón unha homenaxe á cultura propia en xeral.

a Fallo dos certames convocados con anterioridade: deseño de carteis con lemas de apoio ao galego, copias, regueifas, relatos e guión de vídeo, etc.

b. Semana das Letras Galegas. Elaboración de actividades alusivas ao autor

homenaxeado

g Participar en actividades a prol do galego promovidas por outras entidades.

h Outras actividades: contacontos, teatro, conferencias, exposicións, visitas de escritores, este curso condicionadas pola pandemia.

i Espallar os versos de Rosalía de Castro pola contorna.

Actividades destinadas á mellora da competencia lingüística

a Promover o emprego do *gabinete permanente de asesoramento lingüístico,* como ferramenta particularmente útil para aqueles compañeiros que dean as clases en galego ou, e sobre todo, para aqueles que, por mor do escaso coñecemento ou falta de material didáctico, estean interesados en dalas e non se atrevan a dar o paso.

b Facer chamamentos ás persoas interesadas en formarse en lingua galega para que se poida demandar da Secretaría Xeral de Política Lingüística a realización de cursos de galego (Celga 1 a 4) no centro.

c Catalogar os recursos cos que conta o EDL e canalizar ata a autoridade competente as demandas que poidan xurdir dos distintos departamentos docentes, de xeito que se cumpra o artigo 15.3 do decreto («Os EDL contarán co apoio técnico necesario e os centros disporán da debida dotación de recursos didácticos, pedagóxicos e material en galego»). Interesaranos nomeadamente fornecer de suficiente material didáctico as áreas que se deben impartir en galego e todas aquelas disciplinas que se estean a impartir en galego no presente curso.

d Escolmar material informático que axude o profesorado a traballar en galego: tradutores, correctores, ferramentas informáticas para elaborar recursos (Ardora, Lim, Javaclic, phpwebquest,Edmodo,etc.). Velaquí unha listaxe de enderezos útiles para todos:

a Sistemas operativos e software libre

i Oppen Office (software libre en galego): *http://gl.openoffice.org*

ii Microsoft:http://www.microsoft. es/oa/

”i. Espazo de diversos recursos: *http://www.mancomun.org/*

b Tradutores de galego en rede

i **Universidade** de **Vigo-OpenTradapertium** (Tradutor de textos da Universidade de Vigo, preparado polo Seminario de Lingüística Informática. Para traducir documentos e páxinas web español-galego, galego-español, español-catalán, catalán-español, español- euskera, entre outras): *http://sli. uvigo.es/tradutor/*

ii Tradutor Gaio —Secretaría Xeral de Política Lingüísitica- (Permite a tradución de texto plano e tamén de páxinas web entre o galego e os castelán, catalán, inglés, francés e portugués): *http://www.lin‹:jua.gal/recursos/para-traballar-en-*

oalego/ /aprendelo/contido_0112/gaio

c *Correctores*

i **Universidade de** Vigo-Ortogal(corrector de textos en liña): http://sli.uvigo.es/corrector/

ii Golfiño(corrector gramatical para Open Office):

https://wiki.mancomun.gal/index.php/Golfi%CJ%B1o. Corrector gramatical para OpenOffice.ora

d *Dicionarios en rede*

i **Diccionario da** Real Academia Galega —DRAG- (Definición e exemplo de cada acepción. Inclúe audios sobre a pronuncia de cada entrada, paradigmas verbais e busca de sinónimos):http://academia.oal/dicionario

ii **Dicionario de dicionarios-DD-** (Inclúe definicións de palabras e traducións ao castelán que apareceron en todos os dicionarios galegos escritos dende hai 200 anos. Moi útil cando esas palabras non aparecen no da DRAG, que segue a ser aínda moi limitado): http://sli.uvi‹:jo.es/ddd/index.html

iii **Dicionario de pronuncia da lingua** galega **—DPLG-** (Obra que propón un modelo de pronunciación estándar para 60.000 formas do léxico común galego. Tamén ofrece topónimos e permite escoitar a pronunciación das palabras):https://ilg.usc.es/pronuncia/

iv'. Tesouro informatizado la lingua galega -TILG- /Instituto da Lingua Galega e Universidade de Santiago de Compostela. (Moi útil para atopar numerosos exemplos de voces cos seus contextos recollidas en centos de obras literarias, dialectais, etc): http://ilq. use.es/TILG/

e *Enciclopedias en rede*

i. Galipedia(enciclopedia libre en galego): http://‹:jl.wikipedia. orq/

f Para ampliar información consultar os seguintes enlace:

a http://www.xunta.es/linqua‹:jaleoa/o oale‹:jo_nas_novas_tecnoloxias#Daguetes

b http.//maos.oal/recursos/recursos-paleoo/

c http://www.usc.es/ol/servizos/snl/terminoloxia/biblio-term.html

e Darlle pulo á utilización das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC), promovendo a súa identificación co uso do galego: programas informáticos en galego, creación de weblogscolectivos... Sería de utilidade a elaboración dun itinerario galego en Internet, en que se inclúan portais, buscadores, etc., que empreguen o galego como lingua vehicular.

f Ampliar os vocabularios visuais para aprendermos os nomes correctos da

vexetación, animais, topónimos, léxico do cotián da contorna, etc. Esta actividade incluirase nun proxecto maior destinado a que a comunidade educativa coñeza a nosa contorna e se sensibilice cos problemas que afectan á natureza, amais de que se conciencie sobre a importancia de manter uns hábitos alimentarios saudábeis.

IV Concreción das actividades propostas para o curso 2023-2024

Sétima edición do certame de textos teatrais Roberto Vidal Bolaño

En colaboración coa Editorial Galaxia, que financia o custe da publicación da obra gañadora e tamén co patrocinio do Concello do Porriño, para a contía económica do premio editarase unha nova edición do premio de textos teatrais. A nosa contribución consiste na recepción de obras, coordinación do xurado, custe das fotocopias para o xurado e agasallo para o gañador.

Este certame nace para fornecer o teatro galego de textos susceptíbeis de ser interpretados por alumnado de ESO, Bacharelato e FP, alumnado co que neste centro se levan facendo obradoiros de teatro dende hai anos, este ano suspendidos a causa do confinamento, os cales agardamos recuperar dalgún xeito, aínda que for con formato diferente.

Elaboración e publicación da revista escolar Órbita

O Equipo de Normalización e Dinamización da Lingua Galega do instituto, en colaboración con diversos profesores de distintos departamentos, áreas e alumnos/as de distintos cursos do centro, elaborará un novo número da revista escolar *Órbita.* A súa publicación está prevista para o terceiro trimestre do presente curso 2023-24, 3ª semana de xuño, coa seguinte programación.

1 Primeiro trimestre: programación xeral da actividade e chamada áparticipación para a revista.

2 Segundo trimestre: recollida dos artigos para a revista, montaxe e comezoda edición.

3 Terceiro trimestre: remate da edición e impresión de exemplares.

Esta actividade colectiva incluirá publicacións de xéneros e estilos diversos, en autoría orixinal, e mantén as finalidades básicas de dinamizar a lingua, promover a escrita e a lectura entre o alumnado, e servir como referente cultural da

comunidade escolar.

Organización da XIV montaxe teatralizada “Grandes mulleres da historia” ”

Para darlle continuidade ao que se leva facendo dende o curso 2007-2008, procuraremos que un bo feixe de estudantes (15 aproximadamente) asuman o rol dalgunhas personaxes femininas sobranceiras e practiquen monólogos en galego. Coidamos que resulta unha excelente actividade para empregar a lingua oral e para que toda a comunidade educativa poida descubrir a existencia na historia de figuras femininas excepcionais, aínda que descoñecidas para o público en xeral debido sobre todo ao predominio dunha historiografía machista

Para conseguirmos un maior impacto con esta actividade, as monologuistas actuarán por todas as aulas nas horas de clase e durante uns minutos.

A preparación da actividade, comezaría durante o primeiro trimestre coa constitución do grupo de monologuistas, a preparación dos textos, a asignación dos papeis e a procurado vestiario. No segundo trimestre realizaranse todos os ensaios e buscarase que a actividade estea lista para as representacións no noso instituto arredor do 8 de marzo, Día Internacional da Muller. En días posteriores procurarase levar os nosos monólogos a outros centros educativos e culturais próximos

V Ruada Rosaliana

O proxecto “Ruada rosaliana" ten a finalidade de homenaxear a Rosalía de Castro no seu día. Cunha media de 25 alumnos e alumnas , ofrécese unha actuación de conversións musicadas de varias composicións poéticas da autora por distintos lugares do barrio de Torneiros: no Centro de Día, no CPI da Ribeira, na Asociación Comarcal de Educación Especial (ACEESCA) e no supermercado Froiz, que colabora dándolle o almorzo aos participantes.

Semana das Nosas Letras

Este ano adicarase as letras a Luisa Villalta. Teremos durante a semana de maio actividades adicadas à nosalingua e especialmente à autora homenaxeada.

Escritores e escritoras em língua galega

Xunto co equipo da Biblioteca e co Departamento de Lingua Galega, temos intención de

continuar traendo ao noso centro distintos escritores e escritoras en lingua galega. Ata o de agora non podemos concretar máis estas actividade, pero podería realizarse ao longo de todo o curso. Isto poderá incluir a asistencia a algunha presentación, espectáculo ou representación relacionado co antedito.

Campaña de promoción da lingua

Os datos sociolingüísticos deixan clara a necesidade de fomentar a língua entre o alumando, sobre todo para conseguir que aquel alumando galegofalante an clase non cambie a língua ao chegar ao centro. Para isto deseñaremos unha campaña dirixida ao alumando que busque conseguir esse obxectivo: non perder a lingua propia ao chegar ao centro.

Á procura do noso logo

Organizarase a principios de curso unha convocatoria aberta entre o alumnadopara premiar o deseño dun logo co lema co que levan facéndose actividades de promoción da lingua neste centro nos últimos tres cursos. Senpreguiza...en Galego!

Rarear. Concurso de escritura inmediata

Farase un inquérito entre os diversos grupos para propoñeren as palabra galega máis estraña (rara ou pouco fracuente) que teñan escoitado, a cal poderá vir de procurala nos libros, dicionarios, ou preguntas realizadas nun intercambio interxeracional coa xente de máis idade.
Con isto trataremos de ir facendo un glosario de termos característicos do Val da Louriña.
A partir de aí, organizemos un concurso de escritura inmediata cunha selección destes vocábulos (Rareo das palabras), na cal o alumnado que se presente terá que escribir un haiku ou un microconto, que será valorado polo equipo do Clube de Lectura e fará parte dunha exposición posterior.

G a l e g o d e etiqueta...

Con esta actividade pretendemos buscar, identificar, atopar e reunir aqueles produtos do cotián, á venda no mercado, que teñan etiquetaxe en lingua galega.

Talvez para demostrarmos que aínda o número de marcas é moi pobre e dármonos conta de que para consumir do noso, tamén podemos etiquetar no noso. Pediremos a colaboración do Foro Enrique Peinador- Galeguizar Galiza, organización que leva anos traballando a prol da normalización da lingua galega no mundo da empresa e a economía.

Conmemoración días especiais ou festas tradicionais

Magosto

Nadal
Entroido
...

Organizarase novamente xunto co alumnado de etnia xitana do centro, istó é, tanto os Organizarase unha exposición, concertos, presentacións e outras actividades creativas, dando protagonismo e expresión ao alumnado. Co fin de valorizar estas datas

Exposicións sobre temas de interese e actualidade

Durante o curso empregaremos diferentes espazos para expoñer sobre temas de interesse ou actualidade. O pasado curso realizáronse varias exposicións sobre os entroidos, a memoria histórica… Seguiranse realizando este tipo de pequenas exposicións que poñen em valor o noso patrimonio cultural e tamén lingüístico.

Representacións teatrais por parte dos estudantes

Dende o comezo do curso, e como levamos facendo dende unha ducia de anos (con abrupta parálise no curso anterior por razóns evidentes), seguimos a potenciar a actividade teatral entre o noso alumnado, convencidos como estamos das enormes posibilidades que este recurso ofrece na mellora educativa en múltiples aspectos: memoria, expresión oral, control dos nervios á hora de falar en público, capacidade de integración, responsabilidade ao traballar en equipo, autoestima, creatividade, entre moitos outros. Os talleres de teatro realízanse en horario de tarde e serán coordenados por Delio García.

Publicación da revista : Cadernos de teatro

Dada a importante actividade teatral no noso centro, faise necesaria esta publicación na cal se dea cabida aos textos que se representan e divulgan, así como as diferentes novidades, críticas e inquedanzas que se van desenvolvendo un ano atrás do outro no centro e no mundo do teatro escolar de Galiza.

Aos nomes das cousas

O noso centro conta con moito material empregado polo alumnado ao longo da súa aprendizaxe neste instituto, como por exemplo as ferramentas do taller de tecnoloxía.

As aulas desta, materia, por exemplo, son impartidas na nosa lingua, mais é ben coñecida a capacidade de reter información de forma visual. Polo que neste curso queremos fornecer estas estancias con etiquetas cos termos das distintas ferramentas. Un reforzo visual da presenza da nosa lingua nas aulas.

Estas son as actividades previstas, mais poden sufrir modificacións debidas aos acontecementos que poden acaecer, necesidades que poidamos atoparnos no centro ao longo do curso ou oportunidades que aparecen.

O que se procurará é sempre organizar as actividades buscado o mesmo fin, potenciar o uso do galego no centro e eliminar os prexuízos lingüísticos que aparecen reflectidos nos datos do estudo sociolingüístico.

O Porriño, 29 de setembro de 2023

A coordinadora
Laura Iglesias Rodríguez